

MATEMÁTICAS II

Criterios xerais de avaliación – curso 2024-25

1. A proba de Matemáticas II constará de catro preguntas, cun total de sete exercicios.
 - A pregunta 1 (do bloque de Estatística e Probabilidade) conterá un único exercicio e terá un carácter máis competencial.
 - A preguntas 2 (do bloque de Números e Álgebra), 3 (do bloque de Análise) e 4 (do bloque de Xeometría) conterán, cada unha delas, dous exercicios ou apartados; a/o estudante deberá escoller un, e só un, deles, e, no caso de que responda aos dous, só se avaliará o primeiro que realice.
 - Os exercicios das preguntas 2, 3 e 4 non terán un carácter competencial tan acusado como o da pregunta 1, senón que serán similares aos dos exames de anos anteriores.
2. Polo tanto, para acadar a máxima puntuación, a/o estudante deberá facer correctamente catro exercicios, que son: o da pregunta 1 e os tres que escolla nas preguntas 2, 3 e 4. Os catro exercicios terán o mesmo valor, é dicir, cada un terá un valor máximo de 2,5 puntos.
3. Faise notar que, a diferenza de anos anteriores, xa non existe a posibilidade de obter a máxima cualificación se se descarta algún dos catro bloques da materia.
4. As respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.
5. Permitirase o uso de calculadoras científicas non programables e que non teñan capacidade gráfica.
6. Facilitarase a táboa da distribución normal $N(0,1)$ que dá as probabilidades $P(Z \leq k)$ para valores de k de 0 a 4, de centésima en centésima.
7. No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:
 - a. A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
 - b. A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
 - c. A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
 - d. A interpretación da solución dos exercicios.